

## ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2024/1	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria-Urxente
Data	05 de xaneiro de 2024
Duración	Dende as 13:09 ata as 13:33 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretario acctal.	David García Lareo

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ
Paula María Fernández Pena	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

Ratificación da urxencia da convocatoria	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o carácter urxente da convocatoria da sesión, segundo o artigo 79 do RD 2568/1986 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de	

## Concello de Silleda

organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais.

**Expediente 588/2017. Devolución da garantía definitiva do contrato de obras denominado "REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA. OUTEIRIÑO"**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

En data 20.04.2021 con Rexistro de Entrada n.º 2021-E-RE-356 por Fernando pena Caramés en representación de ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS SL con C.I.F. B36563823 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída para responder do contrato de obras denominado "REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA. OUTEIRIÑO"

Visto que a cláusula XXI do Prego de cláusulas administrativas establece que: "a garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 110 LCSP. Dentro de ditos conceptos se inclúe o incumprimento por parte do contratista da obrigaón de indemnizar os danos e prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato, prevista no artigo 196 LCSP."

Considerando que de conformidade co establecido no art. 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que con data 10 de xullo de 2023 polo Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil, infórmase favorablemente a devolución da garantía definitiva.

Visto que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún por parte deste sobre a súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 27 de xuño de 2023, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Aprobar a devolución do Aval de SOGARPO, S.G.R., por importe de 8.825,00 €, constituído por ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS SL como garantía do correcto cumprimento do contrato de obras denominado "REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA. OUTEIRIÑO"

**Segundo.-** Notificar ao interesado o presente acordo.

**Expediente 1530/2023. Prórroga na execución do contrato "MELLORA DE ACCESIBILIDADE NOS VESTIARIOS DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE BANDEIRA, DO CONCELLO DE SILLEDA"**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de prórroga realizada por Don Victorino Míguez Salgueiro, DNI \*\*\*131\*\*\*, en nome e representación de CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L. con CIF B36236685, empresa adxudicataria do contrato de obras “MELLORA DE ACCESIBILIDADE NOS VESTIARIOS DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE BANDEIRA, DO CONCELLO DE SILLEDA” Expediente 1530/2023 deste Concello, que recolle o seguinte:

“**EXPÓN**

*Que sendo a empresa Construcciones Míguez Xestoso S.L. a adxudicataria das obras de MELLORA DA ACCESIBILIDADE DE VESTIARIOS DO PAVILLÓN DEPORTIVO NA BANDEIRA-SILLEDA.*

*Que tendo ditas obras un prazo de execución de 2 MESES.*

*Que sendo iniciadas as obras o pasado 8 de novembro de 2023, o prazo de execución remata o vindeiro 8 de xaneiro de 2023.*

*Que durante o transcurso das obras xurdiron incidencias que retrasaron o cumprimento dos prazos do contrato.*

*Que estas incidencias están relacionadas cos prazos de entrega dos materiais.*

*Que unha destas incidencias foi a modificación do pavimento dos vestiarios, tendo que ser substituído o pavimento de caucho prescrito no proxecto por un pavimento a base de baldosa de gres porcelánico sobre lámina impermeable.*

*Que ditas incidencias se deben a anomalías nas cadeas de produción e non son imputables ao contratista.*

**SOLICITA**

*A ampliación do prazo de execución das obras de MELLORA DA ACCESIBILIDADE DE VESTIARIOS DO PAVILLÓN DEPORTIVO NA BANDEIRA-SILLEDA por un período de QUINCE DÍAS.”*

Por todo iso, en virtude do disposto na Disp. Adic 2ª LCSP, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 27 de xuño de 2023, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder á mercantil, CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L. con CIF B36236685, como adxudicataria do contrato de obras, unha prórroga de 15 días na execución do contrato MELLORA DE ACCESIBILIDADE NOS VESTIARIOS DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE BANDEIRA, DO CONCELLO DE SILLEDA Expediente 1530/2023 deste Concello por continxencias externas non imputables ou alleas á vontade do contratista que causaron a demora na terminación das obras no prazo previsto.

**SEGUNDO.-** Notificar á citada mercantil a concesión da presente prórroga.

**Expediente 1720/2022. Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) - Reintegro de fondos públicos**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

En relación o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI, por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 16 de marzo de 2023 acordouse:

*“PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio regulador transcrito anteriormente coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) para desenvolver ao longo do ano 2023.*

*SEGUNDO.- Aprobar o abono de 1.500€ á citada asociación para o desenvolvemento do Programa.*

*TERCEIRO.- Dar conta desta resolución no próximo Pleno da Corporación que se celebre.”*

Visto que, con data 20 de marzo de 2023 procedeuse a firma do mencionado Convenio.

Visto que, con data 13 de abril de 2023 proceduese ó ingreso a favor da ASOCIACION SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI, da cantidade de 1.500,00 €

Visto que non se levou a cabo o desenvolvemento do Programa reflexado no convenio, e vista a cláusula 10.5 do mesmo que literalmente dí:

*“10.5 Reintegro de subvencións.*

*Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas desde o momento do pago da subvención, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.”*

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 27 de xuño de 2023, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Comunicar Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) que deberá proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos, pola cantidade de 1.500,00 €, o non levarse a cabo a actividade subvencionada.

**Segundo.-** O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en ABANCA é que é a seguinte: ES27-2080-5443-3731-1010-0171.

**Expediente 2074/2023. I ADDENDA AO CONVENIO ENTRE DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E CONCELLOS PARA O PROXECTO “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada 2023-E-RE-1636, de data 29 de decembro de 2023, en relación a “I addenda ao convenio marco de

colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos”, e que ten por finalidade a ampliación da vixencia do convenio ata o 21 de febreiro de 2026, data de finalización da prórroga do contrato para o servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos.

Visto o borrador do convenio de colaboración remitido, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o texto da “I addenda ao convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos”, co seguinte texto:

*“I ADDENDA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS.*

*En Pontevedra/[o]*

#### **INTERVEÑEN**

*D. Luis López Diéguez, actuando en representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).*

*Dª/D. [o], alcaldesa/alcalde do Concello de [o], actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.*

*Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar esta I addenda e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,*

#### **EXPOÑEN**

*Primeiro.- Que con data 26 de novembro de 2021 aprobose o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da Provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para Concellos (expte. Nº 2021052661).*

*Segundo.- Que a cláusula décima do convenio indica que a duración do mesmo poderá ser prorrogado de forma expresa a través da correspondente addenda, por períodos anuais ou superiores, por outros dous (2) anos conforme ao disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do*

*Sector Público.*

*A tramitación, subscrición e efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuarase de acordo co previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e co resto da normativa aplicable.*

*Terceiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno en data 24 de novembro de 2023, foi prorrogado o servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos, expte. 2021033561.*

*Cuarto.- Que o art. 60 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), prevé que todos os padróns municipais xestionaranse por medios informáticos, correspondéndolle ás Deputacións Provinciais o apoio técnico e económico para este fin aos municipios do seu ámbito xeográfico, e asumirán a xestión informatizada dos padróns dos municipios que, pola súa menor capacidade económica e de xestión, non o leven efectivamente así.*

*Ademais, o artigo 36.1 apartado g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, é competencia propia da Deputación: “A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes” e o artigo 36.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establece como competencia propia das Deputacións Provinciais dar soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e a realización de actividades materiais e de xestión.*

*Quinto.- Que a cooperación interadministrativa para a aplicación coordinada da normativa reguladora dunha determinada materia poderase plasmar a través dun convenio no que estean previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que o subscriben, tal e como se preceptúa o artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.*

*Sexto.- Que a Deputación de Pontevedra, consciente da demanda e a importancia do servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para os 37 concellos adheridos ao convenio desexa estender, mediante esta I Addenda, o seu ámbito temporal de aplicación.*

*Sétimo.- Resultando de interese para as Entidades Locais continuar uso e soporte dunha solución de Padrón Municipal de Habitantes.*

**ACORDAN**

**PRIMEIRA.- Ampliación da vixencia do convenio**

*Ampliar a vixencia do convenio ata o 21 de febreiro de 2026, data de finalización da prórroga do contrato para o servizo de servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos (expte. 2021033561).*

*A vixencia do convenio de orixe non se estende máis do prazo de 4 anos establecido no art. 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*

**SEGUNDA.- Efectos da I Addenda**

*A presente I Addenda producirá efectos dende a súa sinatura.*

*Salvo modificacións expostas na presente I Addenda, mantéñense plenamente en vigor todos e cada un dos termos e condicións do convenio.*

*TERCEIRA.- Réxime Xurídico*

*A regulación establecida nesta I Addenda axustarase, en todo e no especificamente regulado nela, ao réxime xurídico establecido nas cláusulas do convenio de colaboración do que trae causa.*

*E para que conste, e en proba de conformidade, asinan as persoas intervinientes a presente I Addenda ao “Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da Provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para Concellos”.*

**SEGUNDO.-** Remitir o presente acordo ó Servizo de de Novas Tecnoloxías da Deputación Provincial de Pontevedra.

**TERCEIRO.-** Facultar ó Alcalde para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para levar a cabo o mesmo.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE